

# Folla de inscrición para a Campaña de Compostaxe: Aforra recursos, separa residuos!

Nome e apelidos	<input type="text"/>
DNI	<input type="text"/>
Enderezo	<input type="text"/>
Teléfono	<input type="text"/>
Mail	<input type="text"/>
Nº persoas na unidade familiar	<input type="checkbox"/> Adultos <input type="checkbox"/> Menores de 18 anos
Sinatura	<input type="text"/>

## Requisitos:

- 1) Dispor dunha horta ou xardín na vivenda habitual ou próxima a ela con espazo dabondo para a ubicación do composteiro.
- 2) Asistir á sesión formativa obrigatoria (1 hora) organizada no Concello.
- 3) Facilitar as tarefas de seguemento por parte da Oficina Municipal de Medioambiente.

En cumprimento do disposto pola Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, o Concello de Cerdedo de Cerdedo informalle de que os datos persoais obtidos deste documento serán incorporados a un ficheiro, do cal é responsable o Concello de Cerdedo, coa única finalidade de levar a cabo as actuacións administrativas que, de ser o caso, se deriven da súa solicitude ou para realizar comunicacións do seu interese para os efectos administrativos. Se o desexa pode acceder aos datos facilitados, así como solicitar, se é o caso, a rectificación, oposición ou cancelación nos termos establecidos na Lei indicada, comunicándollo a este Concello.



Aforra recursos Separa residuos



## Campaña de Compostaxe

Co teu esforzo, é posible

Dálle ao

**rec**  
reduce composta  
reutiliza  
recicla



  
**Concello de Cerdedo**  
Servizo de medioambiente



MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE





## Que é a compostaxe doméstica?

Ao compostar, repetimos o fenómeno que ocorre na natureza, transformando os restos orgánicos xerados na casa en compost, un abono que enriquecerá a terra da nosa horta, xardín ou maceta.



O 40-50% da bolsa de lixo que xeramos na casa é residuo orgánico, e dicir restos de comida e podas e a compostaxe doméstica evita que este residuo se deposite no colector.

Entre moitos dos beneficios que presenta a compostaxe doméstica, atópanse a redución da frecuencia de recollida e transporte dos camións, reducindo deste xeito as emisións de CO<sub>2</sub> e evita o uso de fertilizantes químicos.

## Que che ofrece o Concello?

- Composteiro de 360 litros.
- Aireador de compost.
- Caldeiro para desperdicios.
- Curso de formación para aprender a elaborar compost sen dificultade.



## Requisitos para participar

- Dispor dunha horta ou xardín na vivenda habitual ou próxima a ela con espazo dabondo para a ubicación do composteiro.
- Asistir á sesión formativa obrigatoria (1 hora) organizada no Concello.
- Facilitar as tarefas de seguemento por parte da Oficina Municipal de Medioambiente.